

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 25 de outubro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1174).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 11 de outubro e extraordinarias e urxente do 11, 14 e 15 de outubro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1175).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS:**

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo no RC-A nº 444/11 p.a. Demandante: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> CARMEN CARRILLO RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución do 13/07/2011. Expte.: Sanción de tráfico, n.i.c. Nº 108743020. Estimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 137/2013 P.A. Demandante: D. CAMILO ÁLVAREZ CRESPO. Obxecto: Inactividade. Inexecución do acto presunto favorable a solicitude. Expte.: Incentivo a xubilación anticipada bombeiros, art. 33 do C.C./A.R. Estimado o recurso.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 162/2013 P.A. Demandante: D. JOSÉ A. NOGUEIRA GUNTIÑANS. Obxecto: Resolución do 11.12.2012 (en reposición) Sanción de tráfico. Expte.: 118696129. Desestimado o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 81/2013 p.a. Demandante: D<sup>a</sup>. GUADALUPE PALOMO MARTÍN. Obxecto: Resolución do 13.12.2012. Sanción de Tráfico. Expte.: 128 655 286. Estimado o recurso.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 212/2012 P.O. Demandante: "VIPONSA". Obxecto: Resolución de data 09.04.2012. Expte.: Solicitude de revisión de subhasta de bens embargados. Desestimado o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 275/12 PO. Demandante: D. FRANCISCO SIMÓN IGLESIAS E OUTRA. Obxecto: Resolución do 26.09.2013. Reclamación Patrimonial. Desestimado o recurso.

g) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 158/2013 p.a. Demandante: D. JAVIER POSADA TOMÉ. Obxecto: Resolución do 09.05.2013. Expte.: Sanción de Tráfico. Declara rematado o procedemento por recoñecemento administrativo.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 184/2013 P.A. Demandante: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> CELESTE GONZÁLEZ SUÁREZ. Obxecto: Sanción de tráfico Expte.: 128671777. Desestimado o recurso.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 165/2013 P.A. Demandante: D. MANUEL VARELA VILLAR. Obxecto: Sanción de Tráfico Expte.: 118668678. Desestimado o recurso.

k) Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo no proced. Ordinario nº 1238/2012. Demandante: D<sup>a</sup> NATALIA BARREIRO FIDALGO. Obxecto: Reclamación de dereitos e cantidades pola prestación de servizos ao Concello de Vigo. Estimada parcialmente a demanda.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 186/2013 P.A. Demandante: D. FRANCISCO J. FERNÁNDEZ GÓMEZ. Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 22.04.2013. Embargo de c/c por débedas tributarias. Estimado parcialmente o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(1176).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A SUBSCRICIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PRESTADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (CLECE S.A.) E A ASEMBLEA COMARCAL DA CRUZ VERMELLA EN VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS. EXPTE. 88550/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 9.10.13, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar e pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar, como Administración titular do Servizo municipal de Axuda no Fogar no Concello de Vigo, a subscrición dun CONVENIO DE COLABORACIÓN entre a entidade prestadora deste servizo, CLECE, S.A., e Asemblea Comarcal de Cruz Vermella en Vigo para a realización de PRÁCTICAS NON RETRIBUÍDAS DE ALUMNOS/AS pertencentes ó CURSO DE "ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO", no periodo comprendido entre o 14 de outubro e o 15 de novembro de 2013.

2º.- Da subscrición deste convenio entre as partes non se derivará para o Concello de Vigo ningunha obriga ou relación contractual ou doutra natureza con elas nin co alumnado en prácticas, nin tampouco gasto ningún, limitándose o consentimento municipal a facilitar, a través da entidade prestadora, a realización das prácticas ó alumnado do Curso, que deberá estar cuberto co correspondente seguro de accidentes e de responsabilidade civil a cargo do seu organizador.

3º.- Tal como se indica no texto do convenio proposto, garantirase en todo momento que a realización desas prácticas non interferirá no normal funcionamento do Servizo municipal de Axuda no Fogar.

*CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON RETRIBUÍDAS DE ALUMNOS/AS DO CURSO DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO "ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO" IMPARTIDO POLA ENTIDADE, ASEMBLEA COMARCAL DE CRUZ VERMELLA EN VIGO*

*En Vigo, a 24 de Setembro de 2013.*

*REUNIDOS*

*Por unha parte, D/D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Fernández Cortegoso, en calidade de representante legal da Asemblea Comarcal de Cruz Vermella en Vigo*

*Por outra parte, D<sup>a</sup> Ana castro Alonso, en nome e representación de CLECE Servicios Sociales, NIF/CIF A-80364243, domiciliado en Avda. Hispanidad 68 bajo.*

*Ambas partes acordan a sinatura do presente Convenio coas seguintes*

## CLÁUSULAS

### •OBXECTO.

*Subscribir o presente acordo de colaboración para a realización de prácticas non retribuídas de alumnos/as do curso: "Atención Sociosanitaria a Persoas no domicilio" impartido pola Asemblea Comarcal de Cruz Vermella en Vigo, no período comprendido entre o 14 de outubro e o 15 de novembro de 2013 nos domicilios do servizo municipal de axuda no fogar de Vigo, xestionado por CLECE.*

### •OBRIGAS DO ASAMBLEA COMARCAL DE CRUZ VERMELLA EN VIGO

*2.1. Remitir unha relación nominal dos alumnos seleccionados que incluírá o nome, apelidos e DNI.*

*2.2. Garantir que a realización das prácticas non vai a interferir no funcionamento normal do servizo e a proporcionar os alumnos un uniforme axeitado tendo en conta a actividade de prácticas a desenvolver.*

*2.3. Cada alumno en prácticas deberá acudir ós domicilios con identificación e será seguido por un titor/monitor designado polo Asemblea Comarcal de Cruz Vermella en Vigo encargado de programar, coordinar, supervisar avaliar o desenvolvemento das prácticas.*

*En definitiva, o titor/monitor terá encomendadas as tarefas de dirección e asesoramento durante o período de estancia nos domicilios.*

*2.4.As actividades realizaranse baixo a organización, control e dependencia de CLECE e o persoal no que delegue.*

### •OBRIGAS DO CENTRO NO QUE SE REALICEN AS PRÁCTICAS.

*CLECE comprométese a facilitar a realización das prácticas ó alumnado do curso impartido pola Asemblea Comarcal de Cruz Vermella en Vigo.*

### •OBRIGAS DOS ALUMNOS EN PRÁCTICAS

*Os/as alumnos/as en prácticas comprométese a:*

- Respetar en todo intre as normas internas de CLECE.*
- Cumprir o horario fixado polo programa de prácticas.*

### •DATAS E DURACIÓN DAS PRÁCTICAS.

*O período de prácticas se estenderá do 14 de outubro ó 15 de novembro de 2013 e estará sempre suxeito a organización da empresa.*

### •HORARIO DAS PRÁCTICAS.

*Horarios comprendidos entre as 08:30 e as 21:00 horas, sen exceder das 5 horas diarias.*

### •SUSPENSIÓN DAS PRÁCTICAS.

*A realización das prácticas non poderá interferir no funcionamento do servizo, estando a dirección da empresa facultada en todo intre para suspender o exercicio das prácticas se as circunstancias o requirisen.*

### •SEGURO DE ACCIDENTES E RESPONSABILIDADE CIVIL DO ALUMNO EN PRÁCTICAS.

*O alumnado en prácticas estará cuberto co correspondente seguro de accidentes e de responsabilidade civil polos danos que podan orixinarse a si mesmos ou a terceiros durante a realización das prácticas.*

*A Asemblea Comarcal de Cruz Vermella en Vigo, acreditará o pagamento da póliza para todo o período de duración das prácticas.*

### •DURACIÓN DO CONVENIO.

*O presente convenio estenderase do 14 de outubro ó 15 de novembro de 2013.*

•**EXTINCIÓN**

*As causas de resolución do Convenio son:*

- *Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.*
- *Imposibilidade de dar cumprimento ó seu obxecto.*
- *Incumprimento grave por calquera das partes das obrigas previstas nel.*

*E para que así conste en proba de conformidade, as dúas partes firman este Convenio por duplicado e a un único efecto, no lugar e data indicados.*

**4(1177).- VALIDACIÓN DE ACTUACIÓN S E AUTORIZACIÓN DE GASTO EN RELACIÓN COAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE COMEDOR PARA O CURSO 2012-2013. EXPTE. 72381/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Política de Benestar, conformado pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Validar as actuacións realizadas en relación coas axudas municipais escolares de comedor para o curso 2012/2013.

2º.- Autorizar o gasto de 4.541,28€, necesarios para aboar a débeda pendente co colexio Frián-Teis, con cargo á partida 2310 4810000 (becas libros, comedor).

3º.- Aprobar un libramento a xustificar por importe de 4.541,28€ a ingresar na conta habilitada de Benestar Social, 2080 5000 67 3110242616.

**5(1178).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 228.746,49 € A FAVOR DE CLECE S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2013. EXPTE. 87992/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 10.10.13, conformado pola concelleira delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 228.746,49 euros, a favor de CLECE, S.A. (CIF: A-80364243), pola prestación dos servizos de axuda no fogar (SAD) durante o mes de agosto de 2013.

2º.- Imputar o gasto de 228.746,49 euros a partida orzamentaria 2310.2279901 "Prestación de servizos de axuda no fogar", minorando dito importe do RC201300017924 de 1.691.666,76 €.

**6(1179).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2013. EXPTE. 5249/335.**

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, mediante providencia do 14.10.13, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expediente de gasto menor tramitados no Servizo de Festas durante o mes de agosto de 2013, que son os seguinte:

*Expte:* 5157/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE SONDESEU E COORDINACIÓN DO II CONCERTO ENFO (PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013)

*Decreto concelleira data:* 06/08/2013

*Informe Intervención:* RCM 51165

*Adxudicatario:* FUNDACIÓN SONDESEU

*Importe total:* 3.725,00 EUROS

*Expte:* 5175/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DO ACTO CENTRAL DO FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL

*Decreto concelleira data:* 06/08/2013

*Informe Intervención:* RCM 51166

*Adxudicatario:* ERREYO SL

*Importe total:* 3.569,50 EUROS

*Expte:* 5178/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA E PRODUCCIÓN DA ÓPERA "ELISIR D'AMORE" (PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013)

*Decreto concelleira data:* 06/08/2013

*Informe Intervención:* RCM 51168

*Adxudicatario:* GALÍÓPERA SL

*Importe total:* 21.500,00 EUROS

*Expte:* 5179/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E SEGURIDADE DO AUDITORIO MAR DE VIGO PARA A ÓPERA "ELISIR D'AMORE" (PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013)

*Decreto concelleira data:* 06/08/2013

*Informe Intervención:* RCM 51167

*Adxudicatario:* CONGREVIGO SL

*Importe total:* 4.293,08 EUROS

*Expte:* 5168/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO DO II ENCONTRO ENFO (PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013)

*Decreto concelleira data:* 09/08/2013

*Informe Intervención:* RCM 52271

*Adxudicatario:* PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL

*Importe total:* 15.177,30 EUROS

*Expte:* 5201/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E SEGURIDADE DO AUDITORIO MAR DE VIGO PARA O CONCERTO DE CRYSTAL FIGHTERS

*Decreto concelleira data:* 14/08/2013

*Informe Intervención:* RCM 53299

*Adxudicatario:* CONGREVIGO SL

Importe total: 2.044,90 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**7(1180).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSAL AUDIO S.L. PARA O FINANCIAMENTO DO “FESTIVAL SINSAL 11”. EXPTE. 14347/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.09.13, o informe de fiscalización do 16.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 19.09.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10 000€ (dez mil euros) á SINSAL AUDIO, SL, CIF. B36898369, para o financiamento do “Festival Sinsal 11”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida partida 3340.470.00.02 “CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIV. SINSAL”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e SINSAL AUDIO, SL, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Festival Sinsal 11”

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SOCIEDADE SINSAL AUDIO SL QUE REGULA O DESENVOLVEMENTO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O FINANCIAMENTO DO “FESTIVAL SINSAL 11” (EXPTE.14347/331)*

En Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil trece.

**REÚNENSE**

*A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Carlos López Font, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeada polo decreto de delegación da Alcaldía de data 30 de xullo de 2013 con enderezo na Praza do Rei s/n, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo, en adiante o CONCELLO.*

*Doutra, o D. Luis Campos Alonso, na súa condición de administrador solidario da sociedade SINSAL AUDIO SL., CIF:B-36898369, en representación da devandita entidade, e con enderezo na rúa Estrada, nº 6, 1ºD, CP 36209, da cidade de Vigo, en adiante SINSAL AUDIO.*

*Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,*

## MANIFESTAN

### *PRIMEIRO.-*

*Que a Concellería de Cultura, Festas e Museos, órgano da Administración do Concello de Vigo ao que lle corresponde as competencias en materia de promoción da cultura, considera que o interese público, social e cultural o Festival Sinsal complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación musical estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.*

*SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2013, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxetivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.*

*A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.4700002 “.Convenio Sinsal Audio Festival Sinsal”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL.....*

*TERCEIRO.- Que Sinsal Audio, tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais , así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.*

*CUARTO.- Que Sinsal Audio ven desenvolvendo un labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuitos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.*

*QUINTO.- Que Sinsal Audio reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Así mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.*

*SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominadamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do “Festival Sinsal 11”.*

*De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes*



## CLÁUSULAS

### *PRIMEIRA.- OBXECTO.*

*Polo presente convenio ten por obxecto regular as condicións que rexen na subvención nominativa outorgada a Sinsal Audio para desenvolver o programa do "Festival Sinsal 11" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.*

### *SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.*

*O presuposto de 18.202,01 € (dezaoito mil douscentos dous con un céntimo de €), financiase mediante as achegas de 10.000 € do Concello (54,93 %), outras subvencións ou aportacións públicas, privadas e venda de billetes polo importe de 8.202,01 € (45,06 %).*

### *TERCEIRA.- PROGRAMA, DATAS E LUGARES.*

*O "Festival Sinsal 11" realizarase no presente ano e conforme á programación principal de concertos musicais e actividades complementarias:*

- Días 13 e 14 de outubro, na Casa das Artes: Steve Gunn (USA)*
- Día 9 de novembro no auditorio da Casa do Concello: Sam Amidon (USA)*
- Día 29 de novembro no Museo Marco: Amatorski (BEL)*
- Día 14 de decembro no Museo Marco: Anna Calvi (UK).*

*Soamente será posible o cambio de lugar ou data de realización do programa, no caso de que algunha causa de forza maior, allea á organización do Programa e debidamente xustificada, impida a súa realización segundo o previsto neste convenio; non entendéndose as conseguintes modificacións como razóns achacables ao incumprimento do presente convenio.*

### *CUARTA.- OBRIGAS DE SINSAL AUDIO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.*

- Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados por Sinsal Audio, baixo a dirección técnica de D Luis Campos Alonso, que actuará como interlocutor fronte á Concellería, e D.Xulio Gómez Alonso.  
A tal fin , esta sociedade designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.*
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*
- Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
- Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
- Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web do Concello facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través das páxinas web: Vigocultura.org e Vigo.org.*
- Comunicar ao Concello as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiación, no*

*momento en que teña constancia da súa disponibilidad ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.*

*A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*

- *A concesión da subvención a Sinsal Audio implica a aceptación das súas obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,**

- *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio e colaborar na súa viabilidade.*
- *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.**

*Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.*

*O centro xestor da subvención é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.**

*Calquera que sexa o medio de difusión, Sinsal Audio adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento por parte do Concello, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando a tal fin o anagrama-logotipo do mesmo, ademais das lendas indicadas polo servizo de Cultura, de forma particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.*

*Sinsal Audio asumirá integramente a produción do material gráfico para a difusión e promoción, facilitando ao Concello, ca antelación suficiente e nos formatos axeitados, toda a información sobre o programa, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.). Asimesmo entregará un número de exemplares suficientes, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o Concello.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello, deberá acordarse co mesmo a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Concello, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias das entidades colaboradoras, aos servizos e actividades. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada co Concello.*

*Sinsal Audio comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*Lingua de difusión e publicacións:*

*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares co Concello para que os elementos sexan subvencionables.*

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.**

*O Concello xestionará o pagamento a Sinsal Audio polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; emisión dos informes técnicos, e o conforme da Concellería.*

*Documentación a incluír na conta xustificativa:*

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello, no prazo de tres meses dende o remate da actividade, e en todo caso antes do 18 de decembro de 2013.*
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- Memoria-avaliación do programa de actividades realizadas , que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos e resultados obtidos, que deberá incluír como mínimo:*

- 1. Informe detallado cos datos da execución, resultados cuantificados e valorados con indicación das desviacións sobre obxectivos previstos, rendementos financeiros, conclusións, etc.*
  - 2. Datos sobre os participantes, asistentes, beneficiarios; número e perfil, etc.*
  - 3. Memoria de prensa.*
  - 4. Un exemplar do material gráfico e de difusión que evidencie a utilización do logotipos oficiais.*
  - 5. Reportaxe fotográfica e/ou audiovisual*
- Memoria económica xustificativa, ca declaración e desglose da totalidade dos gastos e ingresos da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes; acreditando o importe subvencionado mediante facturas orixinais*

ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa ).

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure o beneficiario como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través do centro xestor da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraránse gastos subvencionables, os realizados no presente ano que respondan directa e indubidablemente á natureza da activades realizada, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

Serán subvencionables os gastos financeiros, cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables para a súa axeita execución, e que non excedan do 1% do importe do convenio.

Os gastos de persoal xustificaranse con copia dos contratos de traballo, as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello a Sinsal Audio, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas por Sinsal Audio para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- INFORMACIÓN.**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DÉCIMA.- REINTEGRO.**

*Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- INFRACCIÓNS E SANCIONES.**

*En canto ás infraccións e sancions en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezo e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.**

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:**

*Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común do Concello e de Sinsal Audio. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.*

*O Concello resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.*

*Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.*

**DÉCIMO CUARTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES.**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre Sinsal Audio, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, del tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA.**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2013, e non será prorrogable.

**DECIMO SEXTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**DÉCIMO SÉTIMA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril LRBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

**ANEXO Iº**

**ORZAMENTO DO "PROGRAMA FESTIVAL SINSAL 11" 2013.**

| <b>G A S T O S</b> |              |
|--------------------|--------------|
| <b>CONCEPTO</b>    | <b>TOTAL</b> |
| CACHÉS             | 8.450,00     |
| HOTEIS             | 600,00       |
| DIETAS             | 400,00       |
| PERSOAL ADMIN.     | 500,00       |
| PERSOAL TÉCNICO    | 600,00       |
| TRNSPORTES         | 100,00       |
| PRODUCCIÓN TÉCNICA | 3.100,00     |

|                      |           |
|----------------------|-----------|
| VIDEO+FOTOS          | 800,00    |
| PROMOCIÓN + DESEÑO   | 1.500,00  |
| PRODUCCIÓN ARTÍSTICA | 2.152,01  |
| TOTAL ANUAL          | 18.202,01 |

| <b>I N G R E S O S</b> |              |
|------------------------|--------------|
| <b>ENTIDADES</b>       | <b>TOTAL</b> |
| CONCELLO DE VIGO       | 10.000,00    |
| MARCO                  | 2.000,00     |
| ESTRELLA GALICIA       | 2.000,00     |
| ENTRADAS (-SGAE)       | 4.202,01     |
| TOTAL ANUAL            | 18.202,01    |

**8(1181).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MUSICADHOY S.L. PARA O FINANCIAMENTO DO “FESTIVAL VERTIXE SONORA”. EXPTE. 14366/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.09.13, o informe de fiscalización do 16.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 4.10.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10 000€ (dez mil euros) á MUSICADHOY, SL, CIF. B86005709, para o financiamento do “FESTIVAL VERTIXE SONORA”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.470.00.05 “CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e MUSICADHOY, SL, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “FESTIVAL VERTIXE SONORA”.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SOCIEDADE MUSICADHOY SL UNIPERSONAL QUE REGULA O DESENVOLVEMENTO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O FINANCIAMENTO DO “FESTIVAL VERTIXE SONORA”  
(EXPTE.14366/331)*

En Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil trece.

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D<sup>o</sup> Carlos López Font, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área

de Industria, Turismo, Cultura e Festas do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeada polo decreto de delegación da Alcaldía de data 30 de xullo de 2013 con enderezo na Praza do Rei s/n, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo, en adiante o CONCELLO.

Doutra, o Sr/ D. Javier Güel Lopez, na súa condición de administrador único da sociedade MUSICADHOY SL UNIPERSONAL, CIF:B86005709, en representación da devandita entidade, e con enderezo na rúa Campomanes nº 3 28013 Madrid ( Madrid) en adiante MUSICADHOY .

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

#### MANIFESTAN

##### PRIMEIRO.-

Que a Concellería de Cultura, Festas e Museos, órgano da Administración do Concello de Vigo ao que lle corresponde as competencias en materia de promoción da cultura, considera que o interese público, social e cultural o "FESTIVAL VERTIXE SONORA" complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación musical estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2013, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxetivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.4700005 ".Convenio FESTIVAL VERTIXE SONORA", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL.....

TERCEIRO.- Que Musicadhoy SL Unipersonal, tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais , así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.

CUARTO.- Que Musicadhoy SL dende a súa creación no 1996 musicadhoy é un permanente revulsivo na sociedade musical española. Creou e apostou pola Nova Xeración de Compositores Españois, contribuíndo a situala na primeira liña internacional. Apoiou apasionadamente a difusión da súa música, encargando obras, producindo óperas, colaborando na edición de discos e promovendo tamén o nacemento dunha nova xeneración de intérpretes españois ao máis alto nivel.

Asimesmo presentou en Madrid a moitos dos compositores máis importantes do século XX: Karlheinz Stockhausen, Olivier Messiaen, Helmut Lachenmann, Alvin Lucier, Salvatore Sciarrino, Brian Ferney hough, Beat Furrer, Gyögy Ligeti, György Kurtág ... que non só colaboraron en concertos, senon que traballaron con músicos españois, impartindo conferencias, clase maxistras e o que é fundamental establecendo un contacto directo co público español.

Musicadhoy estrenou en España máis de 300 obras fundamentais do séculos XX e XXI, promovendo multitude de ciclos e festivais, coproducindo constantemente cos máis importantes centros, teatro e festivais internacionais, convertíndose nunha referencia decisiva para os



xóvenes artistas e fomentando un público novo ao que ensinar a vivir intensamente a mellor música do seu tempo.

QUINTO.- Que Musicadhoy SL reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Así mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominadamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do "FESTIVAL VERTIXE SONORA".

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO.

Polo presente convenio ten por obxecto regular as condicións que rexen na subvención nominativa outorgada a Musicadhoy SL para desenvolver o programa do "FESTIVAL VERTIXE SONORA" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

### SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total 21.338 € (vinteun mil trescentos trinta e oito), financiándose os mesmos mediante as achegas de 10.000 € do Concello (46,86%), outras subvencións ou aportacións públicas, privadas e venda de billetes polo importe de 11.338 € (53,13 %).

### TERCEIRA.- PROGRAMA, DATAS E LUGARES.

O "FESTIVAL VERTIXE SONORA" realizarase no presente ano dende o día 2 de outubro ao 30 de novembro conforme á programación de concertos musicais e actividades complementarias que se achega ao expediente, atendendo á seguinte agrupación por contidos:

- Bloque 1.- Novos medios. Datas 3, 18 de outubro e 1, 17, 24 de novembro.
- Bloque 2.- Caixa acústica. 2, 19 e 31 de outubro e 28 de novembro.
- Bloque 3.- Programación de sala. 14 e 30 de novembro.
- Bloque 4.- Formación e dinamización. 2, 3, 4, 16, 19, 20 de outubro; 2, 3, 14, 15, 18, 22 e 30 de novembro.

Soamente será posible o cambio de lugar ou data de realización do programa, no caso de que algunha causa de forza maior, allea á organización do Programa e debidamente xustificada,

*impida a súa realización segundo o previsto neste convenio; non entendéndose as conseguíntes modificacións como razóns achacables ao incumprimento do presente convenio.*

**CUARTA.- OBRIGAS DE MUSICADHOY. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.**

- *Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados por Musicadhoy SL, baixo a dirección técnica de D JAVIER GÜEL LOPEZ, que actuará como interlocutor fronte á Concellería, e D.Ramón Souto Caride. A tal fin , esta sociedade designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.*
- *Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*
- *Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
- *Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
- *Incorporar os anagramas-logotipos do Concello na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
- *Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web do Concello facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través das páxinas web: Vigocultura.org e Vigo.org.*
- *Comunicar ao Concello as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiación, no momento en que teña constancia da súa disponibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
- *A concesión da subvención a Musicadhoy SL implica a aceptación das súas obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

**QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,**

- *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio e colaborar na súa viabilidade.*
- *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

**SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.**

*Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integra polos representantes citados de cada unha das institucións conveniantes, ou*

*persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.*

*O centro xestor da subvención é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.**

*Calquera que sexa o medio de difusión, Musicadhoy SL adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento por parte do Concello, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando a tal fin o anagrama-logotipo do mesmo, ademais das lendas indicadas polo servizo de Cultura, de forma particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.*

*MUSICADHOY asumirá integramente a produción do material gráfico para a difusión e promoción, facilitando ao Concello, ca antelación suficiente e nos formatos axeitados, toda a información sobre o programa, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.). Asimesmo entregará un número de exemplares suficientes, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o Concello.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello, deberá acordarse co mesmo a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Concello, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias das entidades colaboradoras, aos servizos e actividades. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada co Concello.*

*Musicadhoy SL comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

#### **Lingua de difusión e publicacións:**

*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización*

*doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares co Concello para que os elementos sexan subvencionables.*

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.**

*O Concello xestionará o pagamento a Musicadhoy SL polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; emisión dos informes técnicos, e o conforme da Concellería.*

#### *Documentación a incluír na conta xustificativa:*

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello, no prazo de tres meses dende o remate da actividade, e en todo caso antes do 9 de decembro de 2013.*
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- Memoria-avaliación do programa de actividades realizadas , que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos e resultados obtidos, que deberá incluír como mínimo:*
  - 6. Informe detallado cos datos da execución, resultados cuantificados e valorados con indicación das desviacións sobre obxectivos previstos, rendementos financeiros, conclusións, etc.*
  - 7. Datos sobre os participantes, asistentes, beneficiarios; número e perfil, etc.*
  - 8. Memoria de prensa.*
  - 9. Un exemplar do material gráfico e de difusión que evidencie a utilización do logotipos oficiais.*
  - 10. Reportaxe fotográfica e/ou audiovisual*
- Memoria económica xustificativa, ca declaración e desglose da totalidade dos gastos e ingresos da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes; acreditando o importe subvencionado mediante facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa ).*
  - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
  - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure o beneficiario como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

*Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.*

*Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través do centro xestor da tramitación administrativa do expediente o*

*estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.*

*Gastos subvencionables:*

*Consideraránse gastos subvencionables, os realizados no presente ano que respondan directa e indubidablemente á natureza da activades realizada, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.*

*Serán subvencionables os gastos financeiros, cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables para a súa axeita execución, e que non excedan do 1% do importe do convenio.*

*Os gastos de persoal xustificaranse con copia dos contratos de traballo, as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).*

*A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Importe total de subvencións ou axudas:*

*A subvención do Concello a Musicadhoy SL, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*O Importe das subvencións ou axudas percibidas por MUSICADHOY para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).*

**NOVENA.- INFORMACIÓN.**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

**DÉCIMA.- REINTEGRO.**

*Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

**DÉCIMO PRIMEIRA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

*En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezaón e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

**DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**DÉCIMO TERCEIRA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e uso común do Concello e de MUSICADHOY. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.

O Concello resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

**DÉCIMO CUARTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES.**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre FESTIVAL VERTIXE SONORA, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, del tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA.**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2013, e non será prorrogable.

**DECIMO SEXTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**DÉCIMO SÉTIMA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu

regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril LRBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

### ANEXO Iº

#### ORZAMENTO DO “FESTIVAL VERTIXE SONORA” 2013.

| <b>G A S T O S</b>       |                  |
|--------------------------|------------------|
| CONCEPTO                 | TOTAL            |
| Publicidade              | 1.000,06         |
| Producción               | 3.659,12         |
| Cachés                   | 15.478,00        |
| SGAE                     | 428,88           |
| Administración e Xestión | 771,94           |
| <b>TOTAL GASTOS</b>      | <b>21.338,00</b> |

| <b>I N G R E S O S</b>           |                  |
|----------------------------------|------------------|
| ENTIDADES                        | TOTAL            |
| CONCELLO DE VIGO                 | 10.000,00        |
| MARCO                            | 840              |
| FACULTADE DE BELAS ARTES ( U.V.) | 2.058            |
| MATRICULAS                       | 7.650            |
| CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA | 400              |
| EXPAZO SIRVENT                   | 150              |
| GALERIA JAVIER TENIENTE          | 120              |
| GALERÍA LILLIPUT                 | 120              |
| <b>TOTAL INGRESOS</b>            | <b>21.338,00</b> |

**9(1182).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O EVENTO DEPORTIVO “VIGO CONTRA EL CÁNCER” O VINDEIRO 10 DE NOVIEMBRE. EXPTE. 12305/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo, do 15.10.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, a Rosa Soliño Santos con D.N.I. 36.162.035D, a organizar o vindeiro domingo 10 de novembro de 2013, o evento deportivo denominado “ VIGO CONTRA EL CANCER”, a carreira comezará as 11.00 horas e rematará ás 13.00 horas, terá a súa saída dende a Avda-de Castela (Os volcáns), rúa Porriño, Avda. Florida, Pza América, Castela e chegada de novo Os Volcáns na Avda. De Castela.

**10(1183).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “I CARRERA SOLIDARIA POR LA ESCLEROSIS MÚLTIPLE” O VINDEIRO DÍA 24 DE NOVIEMBRE. EXPTE. 12318/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo, do 15.10.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, a Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO), a organizar o vindeiro 24 de novembro de 2013, o evento deportivo denominado “ I CARRERA SOLIDARIA POR LA ESCLEROSIS MULTIPLE” , a carreira comenará as 11.00horas e rematará ás 13.00horas, terá a súa saída dende a Alameda Suárez Llanos seguindo por Paulino Freire, Beiramar, Coruña, Tomás Alonso. Camilo Veiga, Paulino Freire e chegada a Alameda Suárez Llanos.

**11(1184).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “I MARCHA POPULAR CICLISTA A NAVIA” O VINDEIRO 27 DE OUTUBRO. EXPTE. 12552/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo, do 20.09.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Club Ciclista Ría de Vigo, a organizar o vindeiro domingo 27 de outubro de 2013, a proba deportiva denominada “I MARCHA POPULAR CICLISTA A NAVIA”, a carreira comenará ás 11.00 horas e rematará ás 12.30 horas aproximadamente, a saída será dende o parque infantil de Teixugueiras, co seguinte percorrido:-Ufas, Pedra Seixa, Xuncal, San Pelayo de Navia, Río , Avda de Samil, Avda Europa, Bravo, Pereiras, Cerqueiro, Bravo, San Pelayo de Navia, Xuncal, Pedra Seixa. Teixugueiras, cun percorrido total de 8 Km.



**12(1185).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A PLAYOFF CONSULTING S.L. CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DO TOUR NBA 3X NO MES DE XULLO NO APARCADOIRO DE SAMIL. EXPTE. 12568/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo, do 15.10.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

A devolución de Aval a PLAYOFF CONSULTING S.L. por un importe de 243,08 € como resultado da retención de 1.756,92 € efectuada con motivo da limpeza realizada no lugar de celebración do evento pola empresa concesionaria de mantemento e conservación de zonas verdes.

**13(1186).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A ANA MARÍA MOURIZ MARTÍNEZ PARA ASISTIR Á 4ª SG MEETING, INTERREGIONAL WORKSHOP E INTERREGIONAL VISIT EN BULGARIA, DO 4 AO 9 DE NOVEMBRO DE 2013. EXPTE. 10412/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 17.10.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar o desprazamento os días 04, 05, 06, 07, 08 e 09 de novembro de 2013, da coordinadora do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, Ana María Mouriz Martínez, con DNI 36096763B, e co número de persoal 78535.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de acordo ao disposto no art. 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de 1.030,95€(mil trinta euros con noventa e cinco céntimos) a favor de Ana María Mouriz Martínez, con DNI 36096763B, con cargo as aplicacións orzamentarias de Desenvolvemento Local e Emprego, polos gastos de desprazamento, estancia e manutención pola viaxe a realizar a Bulgaria onde se realizarán o 4<sup>th</sup>. SG Meeting, o Interregional Workshops en Sofía e a Interregional Visit en Vratsa do SUM PROJECT enmarcado no programa INTERREG IVC:

- 1) "Locomoción Sum Project" 2410 2312007, por importe de 574,20€ e
- 2) "Dietas persoal non directivo Sum Project" 2410 2302007, por importe de 456,75€ (267,45€ de aloxamento e 189,30€ de manutención) de

TERCEIRO.- Este importe librarase a xustificar, na conta corrente de habilitación de pagos de CAIXANOVA AUT 08 PROMOCIÓN ECONÓMICA, a nome de Francisco J. Gutiérrez Orúe, con DNI 13894232R, xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

**14(1187).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 6050/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 10.10.13, o informe de fiscalización do 17.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 7.10.13, conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo” e o Concello de Vigo para a execución do proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero”.

2º.- Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 18.500,00€ (dezaoito mil cincocentos euros) distribuído do seguinte xeito: 1.000,00 € con cargo á partida “*plan municipal de igualdade*” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 17.500,00€ con cargo á partida “*plan municipal de igualdade*” 2311 2279906 do orzamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do ano 2014 para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO PARA A EXECUCION DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCION PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”*

*En Vigo, na casa do Concello, o día                    de                    de dous mil trece,*

*REUNIDAS:*

*Dunha parte, Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de representante do Excmo. Concello de Vigo,*

*Doutra Dª Fernanda García Collazo DNI núm. 36101091, como presidenta da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con CIF G36657336 e enderezo social na r/Policarpo Sanz, 10-2ºB, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos.*

*Tendo, daquela, as comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

## MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a violencia contra as mulleres que aínda pervive na nosa sociedade, constitúe a manifestación mais extrema da desigualdade entre os xéneros. Por iso, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

Consciente desta necesidade, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia desde diversos dispositivos e programas municipais.

SEGUNDO.- Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

TERCEIRO.- Que a Concellería de Igualdade conta con recursos específicos para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero entre os que destaca o Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller(CMIDM) e tres vivendas de protección cedidas polo IGVS ao Concello. Estes dous servizos complementáanse e coordínanse co Centro de emerxencia municipal que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar conveniado co Concello de Vigo.

As tres vivendas municipais de protección están ubicadas en distintas zonas da cidade e son un recurso social específico que a Concellería de igualdade destina á finalidade de acoller temporalmente a mulleres maltratadas e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadía é temporal e, durante a súa estancia, se ofrece ás mulleres a axuda e o apoio dunha educadora familiar que contribúe a que as mulleres beneficiarias da rede consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia.

CUARTO.- Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada pola/s traballadora/s ao seu cargo adscrita/s a este programa. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade.

QUINTO.- Que como se desprende dos estatutos e da memoria de actividades presentada pola "Asociación Mulleres Progresistas de Vigo", esta é e unha entidade que cumpre os fins e os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres.

SEXTO.- No obxecto do convenio concorren singulares circunstancias de interese público, social e humanitario e por tal motivo ambas partes coinciden na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os esforzos e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento deste proxecto.

SÉTIMO.- O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Mulleres Progresistas de Vigo queda fóra do ámbito do R.D Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, por quedar excluído no seu artigo 4.1.

OITAVO.- A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para ofrecer unha atención integral as mulleres usuarias da rede municipal de vivendas de protección, acordan outorgar o presente convenio de colaboración conforme os seguintes

### PACTOS

PRIMEIRO.- O presente convenio ten por obxecto regular o proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas, segundo o estipulado no anexo I.

SEGUNDO.- A asociación Mulleres Progresistas de Vigo desenvolverá o proxecto de intervención e apoio familiar de acordo co indicado no Anexo I, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- Deseñar e implementar os itinerarios específicos de integración sociolaboral de cada unha das usuarias das vivendas.
- Visitar periódicamente ás usuarias e persoas delas dependentes durante o tempo que residan nas vivendas de protección.
- Actualizar o libro de rexistro de cada vivenda e elaboración de informes para o adecuado seguimento da evolución das usuarias.
- Informar e explicar ás usuarias e persoas delas dependentes as normas de uso e cesión das vivendas municipais de protección.
- Traballar en coordinación co Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller.
- Inventariar o mobiliario e o equipamento das vivendas en cada alta e baixa que se produza.
- Informar aos corpos e forzas de seguridade e ao Centro Municipal de información dos Dereitos da Muller de calquera situación de risco ou perigo detectado para as usuarias da rede de vivendas.
- O persoal contratado pola Asociación de Mulleres Progresistas destinado a desenvolver este proxecto velará polo bo uso das vivendas, mobiliario e demais equipamento dos inmobles. Informará puntualmente á concellería de igualdade das baixas que se poidan producir.
- A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo cumprirá as disposicións en vigor en relación coa/s traballadora/s , en todos os seus aspectos, incluídos os de Seguridade Social, hixiene laboral, así como o pagamento dos impostos, recargos e arbitrios que se derivan das contratacións.

- *Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada polas traballadoras ao seu cargo adscrita/s a este programa. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade*
- *A asociación Mulleres Progresistas de Vigo velará polo cumprimento da Lei de protección de datos na execución deste proxecto, garantindo a confidencialidade e o dereito á intimidade das usuarias e persoas delas dependentes.*
- *A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo facilitará á Concellería de igualdade un informe trimestral sobre a execución do servizo e unha memoria anual.*

*TERCEIRO.- O presente convenio de colaboración estará vixente desde a data da sinatura por ambas as dúas partes e ata o día 31 de outubro de 2014, sen que poidan existir prórrogas, tanto expresas como tácitas do convenio.*

*CUARTO.- O orzamento total do proxecto ascende a 20.000,00 €, segundo se desprende do desglose de gastos que achega a entidade e que se incorpora ao expediente. Coa sinatura deste convenio o Concello de Vigo adquire o compromiso de financiarlo cunha achega de 18.500,00€ e a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo comprométese a cofinanciar o programa coa achega de 1.500,00€, ademais do compromiso de facilitar a incorporación a diferentes programas que leva a cabo a entidade baixo a súa iniciativa, ás usuarias do programa e a súa prole, sen coste algún para o Concello de Vigo, nen para as beneficiarias.*

*O Concello de Vigo financiará por tanto o importe de 18.500,00 € para a execución do proxecto e servizo obxecto deste convenio, que fará efectivo distribuído do seguinte xeito: 1.000,00 € con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 17.500,00€ con con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 do orzamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do ano 2014 .*

*O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden por un total de 18.500 € (dezaoito mil cincocentos euros), e abonará o importe da achega en tres partes:*

*.- A primeira por importe de 1.000,00 € (mil euros) no mes de decembro de 2013, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.*

*.- A segunda por importe de 8.750,00 € (oito mil setecentos cincuenta euros) no mes de xuño de 2014, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.*

*.- A terceira por importe de 8.750,00 € (oito mil setecentos cincuenta euros ) no mes de novembro de 2014, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.*

*Os abonos realizaranse contra a presentación dos documentos que acrediten a realización do gasto. Estes documentos se presentarán no Rexistro Xeral dirixidos ao servizo de igualdade. A xefa do servizo de igualdade informará sobre o cumprimento do convenio.*

QUINTO.- A asociación Mulleres Progresistas de Vigo deberá xustificar os pagos coa presentación de facturas e xustificantes orixinais de gastos que poden incluír, entre outros, os seguintes gastos: consumos de teléfono, luz, material funxible, salarios, formación e desprazamento do persoal adscrito ao proxecto, adquisición e reposición de axuar e equipamento da rede de vivendas, etc.

SEXTO.- A vixianza e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada pola Concelleira de Igualdade, a presidenta da asociación Mulleres Progresistas, a xefa do servizo de igualdade e a educadora familiar, ou persoas en quen deleguen. A dita comisión terá como funcións: o seguimento e no seu caso proposta do proxecto de intervención, a avaliación dos resultados da execución do convenio e propostas de mellora, actividades, e a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

SÉTIMO.- Calquera incumprimento das estipulacións establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados, terán carácter liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos, en especial, dos de carácter económico e dará lugar á rescisión automática do presente convenio e á devolución das cantidades percibidas.

OITAVO.- A entidade Asociación Mulleres Progresistas de Vigo está informada de que os seus datos e ás da súa representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

A entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

NOVENO.-

O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ao abeiro do establecido no R.D Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, polo que se rexerá pola súa normativa específica, aplicándose os principios da LCSP

para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo a competente para a súa resolución.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano por triplicado exemplar no lugar e data indicado.

**15(1188).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CIG DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O ANO 2013 E GASTOS DE**

**MANTEMENTO PARA O SEU DESENVOLVEMENTO ENTRE XANEIRO E OUTUBRO. EXPTE. 6307/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.10.13, o informe de fiscalización do 17.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 7.10.13, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quince mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890003, denominada “Convenios CC. Sindicais”, incluída no vixente orzamento municipal de 2013, a favor do sindicato Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo (CIF-G-36706927), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2013, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre os meses de xaneiro e outubro, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quince mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2013, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, REALIZADOS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece*

REUNIDOS

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Serafín Otero Fernández, con DNI 36016737-W, en calidade de Secretario Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, con CIF: G-36706927 e domicilio social na Rúa Gregorio Espino, 47- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6306/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

## MANIFESTAN

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial.*

*Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.*

*II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.*

*III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.*



IV.- Que a entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, de conformidade co art. 6 dos Estatutos da CIG, basea a súa actuación nos obxectivos fixados no seu Programa, entre os que se encontran, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A mellora progresiva e xeral, individual e colectiva dos intereses dos/as traballadores/as, da propia organización e do conxunto da sociedade galega, das condicións laborais e da calidade de vida
- ✓ A profundación democrática e social constante co fin de achegarse a unha nova sociedade máis xusta e máis humana
- ✓ O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e sociais, sen discriminacións
- ✓ Promover o máximo respecto á dignidade humana, a paz, a democracia, a xustiza social e a igualdade, así como, a aplicación da Declaración Universal de Dereitos Humanos, a través da acción colectiva dos/as traballadores/as
- ✓ A loita contra toda forma de racismo, xenofobia ou prexuízo e discriminación na sociedade en razón de xénero, estado civil, enfermidade, idade, lingua, relixión, opinión política, opción sexual, posición social ou económica, orixe étnica ou cultural
- ✓ Impulsar a participación sociopolítica e a inserción laboral e profesional das mulleres e da mocidade na sociedade, asegurando a igualdade de oportunidades e a ausencia de discriminacións
- ✓ Pular pola plena integración sociolaboral das persoas con discapacidades
- ✓ Promover as estruturas e accións necesarias para a plena integración na sociedade dos grupos máis desfavorecidos, co obxecto de eliminar as bolsas de extrema pobreza e marxinalidade
- ✓ Desenvolver políticas sobre a situación migratoria (...)

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 03/10/96, a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 489/06.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo leve a cabo os seus proxectos planificadas para o ano 2013, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2013 segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo para o 2013, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

| ACTIVIDADES 2013           | ORZAMENTO GASTOS 2013<br>(XANEIRO-OUTUBRO) |            |
|----------------------------|--|------------|
| Servizo de atención cidadá | Gastos de persoal                          | 9.544,30 € |

|   |                     |             |
|---|---------------------|-------------|
| Charla coloquio "Reforma das pensións"  | Teléfono            | 3.000,00 €  |
| Charla coloquio "Novo centro comercial de Porto Cabral e o seu impacto na cidade" | Limpeza             | 3.200,00 €  |
| Obradoiro "Comunicación sindical"   | Material de oficina | 2.602,00 €  |
|   | TOTAL               | 18.346,30 € |

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV ("Transferencias correntes") do seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria nº 9240.4890003, denominada "Convenios CC. Sindicais".

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade entre o 01/01/13 ao 31/10/13, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que, para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.

8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890003, denominada "Convenio CC. Sindicais", do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade comprendidas entre o 01/01/13 e o 31/10/13, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato para o 2013.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, ríscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns....
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.

- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a

*pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

*- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

*- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

*h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá ne Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da entidade, estará visible, durante a vixencia do convenio, cartel indicativo de que o Concello de Vigo colaborou no fomento das actividades da entidade levadas a cabo no 2013 entre xaneiro e outubro.*

*A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5127 61 3040000192 (Novagalicia Banco)*

*Noveno- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.*

*Décimo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2013.*

## **16(1189).- RECLAMACIÓN Á CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS) 2013. EXPTE. 24531/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 17.10.13, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación presentada por Da. Alicia Pazos Castro, con DNI nº 35.968.288, á convocatoria extraordinaria do Fondo de Acción Social (FAS) 2013, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 12/04/2013, segundo a proposta efectuada pola Comisión Xestora contida en acta de data 11/10/2013 toda vez que non figura na relación de solicitantes e aínda que o fixera tampouco lle correspondería por non ser empregada municipal na data na que rematou o prazo para facelo (27/04/2013).

## **17(1190).- RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. PATRICIA LÓPEZ LÓPEZ CONTRA RESOLUCIÓN DE 2.07.13 DESESTIMATORIA DA SÚA RECLAMACIÓN EN RELACIÓN COA OPOSICIÓN DE TÉCNICO DE EMPRESAS**



## **E ACTIVIDADES TURÍSTICAS. PROPOSTA DESESTIMATORIA. EXPTE. 24549/220.**

Dáse conta do informe-proposta do secretario do Órgano de Selección para cubrir unha praza de técnico de empresas e actividades turísticas, do 16.10.13, que di o seguinte:

*Con data 30/07/2013 D<sup>a</sup> Patricia López López presenta a través do Rexistro Xeral do Concello doc. 130091090, recurso dealzada contra resolución de 2 de xullo de 2013 do Secretario do órgano de selección para cubrir unha praza de técnico de empresas e actividades turísticas, solicitando se declare a nulidade da citada resolución, ou subsidiariamente a súa anulabilidade, dicándose nova resolución pola que se acorde acceder áo solicitado pola interesada no seu escrito de alegacións de data 1 de xullo de 2013.*

*O órgano de selección en sesión celebrada o 10 de outubro de 2013, reunido para examinala proposta do Sr. Secretario ao recurso de alzada presentado pola Sra. López López, acorda aprobar a proposta do Sr. Secretario co seguinte contido:*

*“Examinado o contido do recurso de referencia, infórmase o seguinte:*

*Primeiro.- O recurso está erroneamente plantexado xa que se formula contra unha “resolución do Secretario do órgano de selección, de data 02/07/2013” que en realidade é unha comunicación da resolución do órgano de selección de data 01/07/2013, que é contra a que tiña que terse reclamado. Por isto o recurso sería inadmisíble.*

*Segundo.- Para o caso de que o Servizo de Recursos Humanos non o considerara así, en relación cos motivos do recurso, resulta o seguinte:*

*a) En canto ao primeiro, “ambigüidade das bases da convocatoria”, xa o tiña alegado a recorrente na súa reclamación inicial e rexeitado polo órgano de selección en base aos motivos que figuran na súa resolución e ás cales nos remitimos.*

*b) En canto ao segundo “incumprimento dos prazos estipulados nas bases da convocatoria”, o noso Tribunal Supremo é unánime en declarar que de conformidade co previsto no art. 63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, a realización de actuacións administrativas fora de prazo só implicarán a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do termo ou prazo.*

*É evidente que ningunha das anteriores circunstancias necesarias para que o acto puidese ser anulado concorren neste caso.*

*c) En canto ao terceiro “irregularidades no primeiro exercicio”, é na súa práctica totalidade tamén repetición da reclamación que presentou a interesada perante o órgano de selección e que foi rexeitada polos motivos que figuran na resolución de dito órgano.*

*Só inclúe como novidade o que “o exame estaba sen precintar”. A este respecto indicar que non existe ningunha norma que obrigue a facelo na Administración Local. O único que debe garantir-se é o anonimato do exame ata que remate a súa corrección; circunstancia que neste caso se cumpriu escrupulosamente, xa que o sobre contendo a identidade de cada un dos examinados só foi aberto unha vez corrixidos os exames, tal como a propia interesada atestigua no seu escrito cando reconece que estivo presente no acto da súa apertura (aínda que se fixera en lugar distinto do inicialmente previsto).*

d) En canto ao cuarto “erros nas respostas ou enunciados de varias preguntas obxecto do exame”, tamén foron rexeitadas xa de xeito motivado polo órgano de selección ao resolver a primeira reclamación da interesada.

e) En canto ao quinto, “non publicación do prazo para alegacións e recursos”, as propias bases xerais remitían xa á normativa xeral na materia. En todo caso dita omisión non sería tampouco causa de anulabilidade, xa que a única consecuencia da mesma será que o interesado podería interpoñer a reclamación ou recurso no momento en que se tivese por notificado.

f) En canto á sexta, “modificación do lugar da apertura do sobre coas identidades dos examinados”, a propia reclamante elimina a existencia de calquera motivo de anulabilidade por esta causa; xa que a mesma, a única que compareceu ao acto público, foi debidamente informada do traslado do lugar na antesala do inicialmente previsto para isto, e que tivo que cambiarse por circunstancias derivadas do funcionamento dos servizos municipais.

g) En canto á sétima “proposta de nomeamento”, parece que con este motivo se intenta sembrar dúbidas derivadas do feito de que a aspirante aprobada formase parte do persoal do Concello aínda que de xeito interino antes do exame, concluíndo coa afirmación de que por dito motivo a obriga e deber de acceder á “fixeza” no servizo público a través dos correspondentes procedementos selectivos, quedou totalmente difusa neste procedemento de selección.

Con semellante argumento non se acada a entender que é o que denuncia a recorrente, xa que en primeiro lugar e en virtude do principio constitucional de igualdade que invoca, a aspirante seleccionada aínda que viñese prestando servizos ao Concello, conta co mesmo dereito que calquera outro cidadá a participar nas probas de selección para acceder á condición de funcionario de carreira; e en segundo, que xa foi seleccionada no seu día como persoal interino, tamén a través de probas selectivas convocadas ao efecto coa debida publicidade.

h) Por último, en canto á sétima “falta de motivación da resolución do órgano de selección recorrida”, a mera lectura da acta da sesión de 01/07/2013, en que aquel desestimou a reclamación da interesada, pon de manifesto que se examinaron e resolveron de forma razoada todas as alegacións que aquela contiña, polo que non se entende que se poida alegar o referido defecto.

Por isto, o recurso de alzada debe ser inadmitido o, no seu defecto, rexeitado na súa integridade.”

Por isto, de conformidade co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, art. 114 e 115, corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución dos recursos de alzada interpostos contra acordos do Órganos de Selección.

En consecuencia, polo anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar o recurso de alzada interposto por D<sup>a</sup> Patricia López López presenta a través do Rexistro Xeral do Concello doc. 130091090, recurso de alzada contra resolución de 1 de xullo de 2013 do Órgano de selección para cubrir unha praza de técnico de empresas e actividades turísticas, en base a proposta que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo a interesada, significándolle que contra a resolución do recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, agás recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin

*á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que estime procedente.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(1191).- CONTRATO, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, PARA A SUBMINISTRACIÓN DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓNS DO GRUPO EDITORIAL WOLTERS-KLUWERT. EXPTE. 3357/550.**

Visto o informe-proposta do vogal do Tribunal Económico-Administrativo, do 18.10.13, conformado pola concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo réxime excepcional previsto na Disposición Adicional 9ª do RDLex 3/Lei 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) para a suscripción a Bases Xurídicas e publicacións especializadas, segundo a proposta remitida pola empresa e que se adxunta ó expediente, para o período novembro de 2013 a outubro 2014, có tratamento de contrato menor de servizos, de conformidade co previsto nos art. 111, art. 138.3 e art 10 do TRLCSP, para o acceso a:

#### **BASES DE DATOS**

Laley Digital (10 Accesos)

Laley Digital Doctrina (2 Accesos)

Laley Digitalprocesalcivil (2 Accesos)

Laley Digital Código Civil Comentado

Laley Digital Código Penal Comentado

Laley Laboral.com (2 Accesos)

CISS ATLAS Fiscal (2 Accesos)

CISS ATLAS Procedimientos Tributarios (2 Accesos)

CISS ATLAS Laboral (2 Accesos)

CISS ATLAS Contabilidad-Mercantil (2 Accesos)

CISS Prevención de Riesgos Laborales +Convenios+Subvenciones(2 Accesos)

La Página de Medio Ambiente(2 Accesos)

Web de Tráfico y Seguridad Vial...(2 Accesos)

El Consultor de los Ayuntamientos Plus (10 Accesos)

El Consultor Contratación Administrativa (2 Accesos)

El Consultor Haciendas Locales (2 Accesos)

El Consultor Licencias Municipales (2 Accesos)

#### **FORMACIÓN ONLINE GRATUITA SIN LÍMITE DE CURSOS**

PORTAL DE REVISTAS ONLINE (5 accesos):

31 Revistas WKE

Diario LA LEY, Noticias de la Unión Europea, Iuris

Actualidad Civil, Práctica de Daños,

Práctica de los Tribunales y Tráfico y Seguridad Vial

Actualidad Administrativa, Contratación Práctica Administrativa y Práctica Urbanística

Revista El Consultor de los Ayuntamientos

Actualidad Laboral, Relaciones Laborales, Boletín Laboral on line

Impuestos, Boletín Fiscal, Carta Tributaria y Tribuna Fiscal

Revista Gaceta Jurídica de la Unión Europea y de la Competencia y Mercado de Valores

Derecho de los Negocios, Derecho Concursal y Paraconcursal

Revista Penal

Capital Humano, Marketing y Ventas,

Especial Directivos, Estrategia Financiera

La Página del Medio Ambiente (Módulo Noticias),

Gestión Práctica de Riesgos Laborales

Revista Contable, Competencia y Distribución

2º.- Autoriza-lo gasto a prol de Wolters-Kluwert España SA con NIF A58417346, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe de 34.705'70 € (Base 28.682'40 € máis 21% IVE 6.023'30 €), para o período novembro de 2.013 a outubro de 2.014, que pode ser imputado á partida 9220.220.01.00 "Libros e outras publicacións" do orzamento corrente, na que se efectuou a correspondente retención de crédito en data 17/10/13 (num op 201300068569 ref int 13.13.RC.003179).

3º.- En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do TRLCSP), entendéndose que o mesmo debe de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.

**19(1192).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS OUTORGADOS POLO BANCO PASTOR Á MERCANTIL "ÁLVARO LOUREIRO BENAVIDES CONSTRUCCIONES, S.L." POR DIVERSAS OBRAS DE URBANIZACIÓN. EXPTE. 75857/421.**

Dáse conta do informe-proposta do asesor xurídico da Área de Fomento do 17.10.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Con data 6 de marzo pasado e ao través do Rexistro Xeral da Xerencia de Urbanismo, o Banco Pastor solicita a devolución dos seguintes avais outorgados á mercantil "Álvaro Loureiro Benavides Construcciones, S.L.":*

- *Nº 780001, por importe de 1.391.250 pesetas (8.361,58€), constituído con data 1 de xullo de 1978 para responder " do importe dos terreos, non cedidos naquela data correspondentes a viais, e do custo das obras de urbanización que podan afectar a prezos ac-*

*tuais, así como para garantir a realización dos traballos de apertura e pavimentación da rúa, xa iniciados no tramo correspondente ao edificio que se proxecta construír na prolongación da rúa Barcelona (segunda circular Praza Independencia)”.*

- *Nº 780002, por importe de 148.690 pesetas (893,64€), constituído con data 1 de marzo de 1978 para responder “do importe dos terreos non cedidos, correspondentes a viais, parques e xardíns públicos e centros de ensinanza xeral básica ao servizo do Polígono de Coia e o custo das obras de urbanización que podan afectar a prezos actuais, para a concesión da licenza de obras relativa ao edificio que se proxecta construír na Avda. de Samil nº 57-59, cuxas obras de excavación se están a iniciar”.*
- *Nº 780005, por importe de 39.608 pesetas (238,05€), constituído con data 19 de xullo de 1978 para responder “do importe dos terreos non cedidos, correspondentes a viais, parques e xardíns públicos e centros de ensinanza xeral básica ao servizo do Polígono de Coia e o custo das obras de urbanización que podan afectar a prezos actuais, así como para garantir a realización dos traballos de obras relativas ao edificio que se proxecta construír na Avda. de Samil, nº 69”.*

*Nos tres avais faise constar que terán validez en tanto a Administración non autorice a súa cancelación.*

*Os avais corresponden aos expedientes nºs 75855/421 e 75857/421 e procede acumulalos en base ao previsto no artigo 73 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por ter íntima conexión.*

*No expediente existe un informe do Sr. Tesoreiro, sen datar, no que figura que os tres seguen constituídos e pendentes de devolución.*

*En relación con esta solicitude emíttese o seguinte informe:*

*1º.- Os referidos avais garanten dous tipos de obrigas:*

*a).- Ceder determinados terreos, pendentes naquela data.*

*b).- Executar determinadas obras de urbanización.*

*A primeira obriga debe terse cumprida xa, pois os arredores das edificacións están totalmente urbanizados e dotados de tódolos servizos municipais. En todo caso, senon fora así, a obriga tería prescrito ao ter transcorrido máis de 30 anos dende que naceu (artigo 1959 en relación co 1962 do Código Civil).*

*En canto a segunda obriga, con data 17 de setembro de 2013 o inspector de Vías e Obras, D. Ventura Oujo Gerut, informa que nos tres casos as obras que garantizaban os avais foron executadas xa que os viais se atopan en perfecto estado de conservación.*

*2º.- No expediente figuran os mandamentos de ingreso correspondentes aos citados avais expedidos pola Tesourería Municipal.*

*Por isto, proponse á Xunta de Goberno Local, competente de conformidade co previsto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que dicte o seguinte acordo:*

Cancelar e devolver ao Banco Pastor os avais nºs 780001, 780002 e 780005, constituídos con datas 1 de xullo, 1 de marzo e 19 de xullo de 1978, respectivamente, para responder das cesións e a execución das obras de urbanización que figuran nos mesmos.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **20(1193).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA OCUPACIÓN DIRECTA DE PARCELAS NA RÚA LÓPEZ MORA,3. EXPTE. 5063/401.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 21.10.13, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

#### *I.- ANTECEDENTES*

*1.- Reprodúcense, en tanto son coincidentes, os Antecedentes da Resolución da Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo de 29.04.2013:*

*"1.- O 11.12.2012, o Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo decretou incoar o procedemento para a ocupación directa do inmovible sito en rúa López Mora, 3, co obxecto de proceder á ampliación do viairo e eliminar o estreitamento no encontro entre rúa López Mora e o Camiño de Pazos.*

*Da dita resolución tomou coñecemento o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na súa sesión ordinaria do día 14.12.2012.*

*2.- A resolución de incoación foi notificada por oficios de 19.12.2012 á Xunta de Compensación do PERI Pazos a dous domicilios distintos (núms. de saída 38222-2012 e 38224-2012, recibidos ambos o 02.01.2013) e á propiedade (núm. de saída 38226-2012, recibido o 27.12.2012).*

*3.- O 27.12.2012, por oficio da Xerente de Urbanismo (núm. 38950-2012) conferiuse á propiedade un trámite de audiencia, a fin de que aclarase se continuaban vixentes os contratos de arrendamento de datas 01.01.1968 (vivenda) e 04.03.1974 (local de negocio) subscritos con D. Nicanor Santoro Cernadas.*

*Por escrito de D.<sup>a</sup> María Concepción Pérez Fernández, presentado no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo o 16.01.2013 (DOC. 130005460), a propiedade manifestou que os arrendamentos non se atopan vixentes, achegando a modo de proba copias dos seguintes documentos xudiciais:*

- acta da comparecencia de D. Nicanor Santoro Cernadas o 30.07.2004 no procedemento ordinario n.º 431/2004, seguido perante o Xulgado de 1ª Instancia de Vigo n.º 3, na que o arrendatario fai entrega das chaves do local de negocio de litis
- dilixencia de 29.06.2012, ditada no procedemento verbal de desafuzamento por falta de pagamento n.º 863/2011, seguido perante o Xulgado de 1ª Instancia n.º 14 de Vigo, na que se fai constar que se fixo entrega por conta de D. Nicanor Santoro Cernadas da chave da vivenda sita na rúa López Mora, 3 – 1º

4.- Por oficio da Xerente de Urbanismo de 09.01.2013 (n.º de saída 143-2013, recibido o 16.01.2012), notificouse a D. Jaime Morán Fuente a tramitación do procedemento, para que como representante da propiedade do inmovible sito en rúa López Mora, n.º 1, -colindante co n.º 3, obxecto do presente procedemento-, se pronunciase sobre a súa conformidade con que se estendese a ocupación directa a ese predio, por resultar de interese municipal a súa adquisición anticipada para un tratamento conxunto.

O 22.01.2013 (DOC. 130007583), D. Jaime Morán Fuente presentou un escrito, no que manifesta a súa disposición a chegar a un acordo, solicitando información sobre o procedemento e condicións propostas.

O 29.01.2013 remitiuse oficio ao Sr. Morán Fuente (n.º de saída 868-2013, recibido o 30.01.2013), detallando o procedemento de ocupación directa, sen que conste contestación nin manifestación do seu consentimento na aplicación do citado procedemento ao predio que representa.

5.- O 25.03.2013, a arquitecta municipal Xefa de Planeamento e Xestión elaborou un informe técnico sobre a ocupación directa, que inclúe como anexos planos de situación no PXOM e levantamento topográfico, e copias da resolución de incoación do procedemento, da ficha de xestión do PXOM da «AOD A-4-73 PAZOS», consulta catastral descritiva e gráfica e copia da nota simple achegada pola propiedade."

2.- A Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, na resolución cuxos Antecedentes se reproducen no apartado anterior, ordenou que se procedese á apertura dun trámite de información pública polo prazo de 20 días mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de editos da XMU, no que se publicase o anexo adxunto, do seguinte contido literal:

ANEXO: OCUPACIÓN DIRECTA DA FINCA SITA NA RÚA LÓPEZ MORA, 3

A.- RELACIÓN DE TERREOS A OCUPAR

A finca a ocupar para a mellora do viario público está situada na rúa López Mora, 3, dentro do ámbito con ordenación detallada «AOD A-4-73 PAZOS», e correspóndese cos terreos delimitados pola parcela catastral n.º 2254808NG2725S0001AX, que comprende a totalidade das seguintes parcelas, consonte o informe técnico da arquitecta municipal de 25.03.2013:

Parcela B:

- Superficie a ocupar: 55,70 m<sup>2</sup> (totalidade da parcela)

- *Descrición no título de propiedade: Casa composta de planta baixa e un piso, sinalada co número tres da rúa López Mora, lugar de Peniche, cuxo piso ten entrada independente polo Este, ou sexa, o camiño de Pazos. Mide a extensión superficial de corenta e catro metros e dezaseis decímetros cadrados. Linda: Oeste ou fronte, rúa de López Mora; Este ou costas, camiño de Pazos; Norte ou esquerda entrando, finca de Don Casimiro Sancho; e Sur ou dereita, a finca que se describe a continuación -Parcela C-*

- *Inscrita no Rexistro da propiedade de Vigo n.º 5, ao Tomo 47, Libro 47, Folio 227, Finca 8559/PRIMER, a nome de D. José Pérez Rodríguez e D.ª Flora Fernández Álvarez coa seguinte descrición, segundo nota simple expedida o 01.08.2012: «Vivienda: Situada en VIGO en CALLE LOPEZ MORA con el número 3, planta 1, con una superficie construida de cuarenta y cuatro metros, dieciséis decímetros cuadrados. Linderos: norte, FINCA DE CASIMIRO DANCKO; sur, CASITA DE RICARDO VENTURA GONZALEZ; este, CAMINO DE PAZOS; oeste, CALLE LOPEZ MORA. Casa de planta baja y piso primero señalada con el n.º 3 de la calle López Mora.*

*Según nota de 24 de noviembre de 2000, consta que en esa fecha fue expedida certificación prevenida en el artículo 5 del Real Decreto 1093/1997 de 4 de julio a instancia de la Junta de Compensación de la Unidad de Ejecución "Peri-Pazos-i-01" constituida por escritura otorgada el 26 de noviembre de 1997 ante el Notario de Vigo don Álvaro Moure Goyanes número 2095 de protocolo, habiéndose ordenado su inscripción en el Registro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras por Resolución de 20 de marzo de 1998 por el Delegado Provincial de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y Vivienda, en cuya escritura consta incluida esta finca en dicha Unidad de Ejecución, haciéndose constar la iniciación del expediente y la afección de las fincas al cumplimiento de las obligaciones inherentes al sistema de Compensación»*

#### Parcela C:

- *Superficie a ocupar: 20,00 m<sup>2</sup> (totalidade da parcela*

- *Descrición no título de propiedade: Casiña de planta baixa en moi mal estado, que mide dezaseis metros cadrados, sita polo Sur da finca [...] -Parcela B anterior-, ou sexa, tamén na rúa de López Mora, da cidade de Vigo, cun pequeno saído por tal lado Sur. Linda Norte, coa finca anterior -Parcela B-; Sur, camiño de Pazos; Este, camiño de Pazos; e Oeste ou fronte, rúa de López Mora.*

- *Non consta inscrita no Rexistro da Propiedade.*

#### **B.- PROPIETARIOS AFECTADOS**

*A finca a ocupar é de titularidade dos herdeiros de D. José Pérez Rodríguez e D.ª Flora Fernández Álvarez: D. Celestino Pérez Fernández e D.ª María Concepción Pérez Fernández, titulares cada un do pleno dominio de 10/30 partes indivisas, entre ambos dous terzos do total; D. Alberto, D. José, D.ª María Jesús, D. Valentín e D.ª Laura Pérez Vázquez, titulares cada un da núa propiedade de 2/30 partes indivisas, entre os cinco un terzo do total, do que é usufrutuaría D.ª María Jesús Vázquez Costa.*

*Título de propiedade: escritura de aceptación e adjudicación da herdanza de D. José Pérez Rodríguez e D.ª Flora Fernández Álvarez, outorgada o 24.02.1999 perante o notario D. Álvaro Moure Goyanes, obrante ao n.º 338 do Protocolo da súa razón.*

#### **C.- APROVEITAMENTOS URBANÍSTICOS E ÁMBITO NO QUE SE FARÁN EFECTIVOS OS SEUS DEREITOS**



Os aproveitamentos urbanísticos materializaranse no propio ámbito onde están incluídas as fincas, a «AOD A-4-73 PAZOS», e estarán afectos ás obrigas e deberes dos propietarios na Xunta de Compensación:

- Parcela B: correspóndenlle 137,81 m<sup>2</sup> de aproveitamento urbanístico
- Parcela C: correspóndenlle 49,48 m<sup>2</sup> de aproveitamento urbanístico

No citado acordo ordenábase tamén que se solicitase un certificado rexistral de dominio e cargas das parcelas de referencia. O 20.05.2013 a rexistradora titular do Rexistro da Propiedade n.º 5 de Vigo expediu certificación da parcela rexistral n.º 8.559 (parcela denominada "B"), na que se fai constar que a parcela se atopa libre de cargas; tocante á parcela "C", tal e como se indica no informe da arquitecta municipal, non se atopa inscrita no Rexistro da Propiedade.

6.- No período de información pública, aberto por prazo de 20 días por anuncio publicado no BOP n.º 102, de 29.05.2013 e no taboleiro da Xerencia Municipal de Urbanismo entre o 29.05.2013 e o 27.06.2013, non se presentou ningún escrito de alegacións, segundo certificado expedido polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo o 02.07.2013.

## II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997 (RLHU)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Código civil; BOE n.º 206, 25.07.1889 (CC)
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE n.º 167, de 14.07.1998 (LXCA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)

- *Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE n.º 305, de 22.12.1986 (ROF)*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais; BOE n.º 196, de 15.07.1955 (RSCL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

## 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### A.- Conceptualización xurídica da ocupación directa

*A figura da ocupación directa é controvertida; parte da doutrina considera que se trata dun instrumento de xestión urbanística (non en van, foi positivizada na súa orixe no RXU), e outra parte considera que se trata dunha institución expropiatoria (por ter por obxecto a privación coactiva de bens inmobles) polo que a seguir analizarase a evolución da figura a fin de adoptar a tese que se considere máis axeitada:*

*A.1.- Tal e como se formulou nos arts. 52 e seguintes do RXU -norma de desenvolvemento do Real decreto 1346/1976, de 9 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana-, conceptuábase a ocupación directa coma un instrumento de xestión urbanística, de uso potestativo pola Administración, que arbitraba un modo de adquisición alternativo á expropiación forzosa de terreos destinados a sistemas xerais, mediante a substitución forzosa dos terreos a ocupar por aproveitamentos urbanísticos de polígonos excedentarios, que requiría a concorrencia dos seguintes requisitos habilitantes:*

- *que os terreos a ocupar estivesen destinados a sistemas xerais da ordenación urbanística comprendidos nun Plan parcial ou especial*
- *que se tivese iniciado o procedemento de reparcelación ou compensación do polígono no que se vaian a facer efectivos os dereitos dos propietarios dos terreos a ocupar*
- *que o polígono onde se vaian a facer efectivos os dereitos dos propietarios teña exceso de aproveitamento en relación ao de todo o solo urbanizable programado*
- *que o aproveitamento recoñecido aos propietarios das fincas ocupadas se faga efectivo nun só polígono ou, de non ser posible, no menor número destes*

*Os arts. 53 e 54 detallan o procedemento a seguir para a ocupación directa, reiterando o art. 55 a posibilidade de acudir tanto á ocupación directa como ao instituto expropiatorio para a obtención dos terreos destinados a sistemas xerais.*

*A.2.- A Disposición Final Segunda da Lei do solo 8/1990, de 25 de xullo, sobre reforma do réxime urbanístico e valoracións do solo, autorizaba ao Goberno a aprobar un Texto que refundira as disposicións estatais vixentes sobre solo e ordenación urbana, autorización que foi rehabilitada por vencemento do prazo pola Disposición Final Quinta da Lei 31/1991, de 30 de decembro, pola que se aproban os Orzamentos xerais do Estado para 1992.*

*O Real decreto legislativo 1/1992, de 26 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (TRLRS'92) -ditado en cumprimento dos mandatos legais indicados no parágrafo anterior-, recollía a ocupación directa no seu art. 203, trasladado directamente da Lei do solo 8/1990 excepto no seu apartado 1, establecendo que se entendía por ocupación directa a obtención de terreos afectos polo planeamento a dotacións públicas, mediante o recoñecemento ao seu titular do dereito a integrarse nunha unidade de execución con exceso de aproveitamento real.*

*Como requisitos habilitantes esixía a previa determinación pola Administración actuante dos aproveitamentos urbanísticos susceptibles de adquisición polo titular do terreo a ocupar e da unidade de execución con aproveitamento real excedentario no que haberían de facerse efectivos tales aproveitamentos.*

*O art. 203.3 recolle o procedemento para a ocupación directa -se ben con carácter de mínimos, con remisión ás determinacións da lexislación urbanística-, que se completa co disposto no art. 204, que se ben circunscribe o seu obxecto ás ocupacións temporais, na súa redacción estende a súa aplicabilidade ás ocupacións reguladas no artigo anterior. Establecía que os propietarios afectados polas ocupacións teñen dereito a ser indemnizados polo tempo que medie entre a ocupación e a aprobación definitiva do instrumento de redistribución correspondente, indicando que o transcurso do prazo de 4 anos sen que se tivera producido a aprobación do citado instrumento, previa advertencia con 6 meses de antelación, os afectados quedan facultados para iniciar o expediente de prezo xusto propio da institución expropiatoria.*

*A.3.- A Lei 1/1997, de 24 de marzo do solo de Galicia (LSG), sen prexuízo de que foi aprobada con posterioridade ao ditado da STC 61/1997, de 20 de marzo, por motivos temporais a súa formulación responde aos momentos anteriores á súa promulgación, polo que a efectos sistemáticos resulta axeitado o seu estudo previo.*

*A LSG recollía no seu art. 152 as modalidades para a obtención do solo dotacional, relacionando a expropiación forzosa e a ocupación directa, que resultarían aplicables en todo caso, e a cesión obrigatoria e gratuíta, sempre que os terreos estivesen incluídos ou adscritos en áreas de reparto.*

*O concepto e o procedemento de ocupación directa recollíanse no art. 154, cunha previsión idéntica ao art. 203 do TRLRS'92, excepto no referente aos requisitos previos habilitantes da súa utilización, esixindo a previa aprobación da delimitación do polígono no que, por exceder o seu aproveitamento real do apropiable polo conxunto de propietarios inicialmente incluídos no mesmo, se farían efectivos os aproveitamentos que se recoñecesen ao titular dos terreos ocupados.*

*A.4.- A sentenza do Tribunal Constitucional 61/1997, de 20 de marzo, salvou da tacha de inconstitucionalidade por falta de competencia estatal os arts. 203 e 204 do TRLRS'92 (Fundamento de Dereito 29), xa que, pese a recoñecer que se entrelazan na figura notas características da xestión urbanística e elementos propios da expropiación forzosa, debe entenderse a efectos constitucionais que predomina a configuración dunha singular modalidade expropiatoria, na que concorre unha dobre singularidade:*

- dunha parte, que a ocupación se realiza sen o previo pagamento do prezo xusto, ao igual que ocorre na expropiación de urxencia (arts. 52 e concordantes da Lei de expropiación forzosa)*
- e de outra, que o prezo xusto non consiste aquí no abono dunha indemnización líquida como equivalente económico do terreo ocupado, senón na adxudicación ao propietario*

*do aproveitamento urbanístico patrimonializado para que o faga efectivo nunha unidade de execución con exceso de aproveitamento real*

*Entende o TC que na ocupación directa existen algunhas das notas inherentes á estrutura esencial da potestade administrativa expropiatoria, a saber: unha privación singular e coactiva de dereitos patrimoniais mediante a substitución polo seu equivalente económico (neste caso, pola indemnización do aproveitamento urbanístico correspondente), e que se efectúa a través dun procedemento formal.*

*Así mesmo, trátase dun procedemento reconducible nun procedemento expropiatorio de transcorrer os prazos previstos no art. 204.2 do TRLS'92 sen que se produza a aprobación definitiva do instrumento redistributivo da unidade de execución excedentaria que permita ao propietario ocupado facer efectivo nesta o seu aproveitamento urbanístico.*

*Indica o TC que “[...] Esta posibilidad de reconducción a la expropiación pone de relieve que, en lo que aquí interesa, no nos hallamos en presencia de una simple técnica de gestión urbanística arbitrada por el legislador estatal, sino ante una determinación legal para habilitar una modalidad expropiatoria, como alternativa a la expropiación [...]”, para cuxa formulación o Estado se atopa lexitimado polo art. 149.1.18º da Constitución Española, que atribúe competencia exclusiva ao Estado en materia da lexislación sobre expropiación forzosa.*

*A.5.- As escasas disposicións vixentes do TRLS'92 tras a STC 61/1997 atópanse derogadas na actualidade; primeiro, foron selectivamente derogadas pola Disposición derogatoria única da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións (LS 1998), e despois pola Lei 8/2007, de 28 de maio, do solo (LS 2007) -que derogou á súa vez á LS 1998-.*

*O resto do TRLS'92 foi refundido posteriormente xunto coa LS 2007 no TRLS'08, que derogou ambas normas na súa Disposición derogatoria única, indicando na Disposición adicional única que “Las referencias normativas efectuadas en otras disposiciones al Real Decreto Legislativo 1/1992, de 26 de junio, por el que se aprobó el Texto Refundido de la Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana y a la Ley 8/2007, de 28 de mayo, de Suelo, se entenderán efectuadas a los preceptos correspondientes del Texto Refundido que se aprueba.”*

*A.6.- Existen múltiples sentenzas que anulan procedementos de ocupación directa pola derogación do TRLS'92 operada pola Lei 6/1998; por todas, STS de 17.03.2009 (RJ\2009\3083), que recoñece que a ocupación directa como modalidade expropiatoria na que se paga o prezo xusto en especie require do consentimento do expropiado, en aplicación do entón art. 37 da LS 6/1998, recollido hoxe no art. 30.1 do TRLS'08.*

*Cabe destacar a STS de 12.12.2000 (RJ\2001\551), que pese a declarar nulo un procedemento de ocupación directa, e conter a referencia xurisprudencial da inoperancia do sistema de ocupación directa, contén consideracións que resultan dignas de mención:*

- en primeiro lugar, avala a tese do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria (STSX Cantabria de 22.02.1996, sobre a posibilidade de coexistencia nun único procedemento dos sistemas de ocupación directa e de expropiación forzosa, cando sinala que “[...] determinados recurrentes ven expropiada la industria o la vivienda que se encuentran en su parcela, mientras que el suelo sobre el que se asientan se obtiene por ocupación directa, lo cual es no solamente factible jurídicamente, sino que es la única alternativa posible, ya que nunca podría obtenerse por ocupación directa ni una vivienda ni una industria, puesto que **dicho sistema es válido tan sólo para la obtención del suelo,***

*por la propia definición legal del mismo, de tal forma que las construcciones que se encuentran en la misma sólo pueden adquirirse por expropiación forzosa[...]"*

- *en segundo lugar, recoñece a operatividade da institución coa aprobación de lexislación autonómica que dea cobertura á institución da ocupación directa*

*Porén, esta sentenza dirime unha controversia anterior á derogación da ocupación directa na normativa estatal, o que en consideración da doutrina supón a falta de norma estatal habilitante para que as CC.AA. regulen a aplicación e regulación procedimental da mesma.*

*No procedemento substanciado no presente expediente, non existe privación coactiva da titularidade dos terreos, senón que se tramita de forma conveniada coa propiedade, de forma que non resulta preciso proceder á expropiación forzosa das edificacións, precisas para a execución do viario; por contra, prevese que a perda das edificacións será indemnizada con cargo ao proxecto de compensación do ámbito.*

*A.7.- O TRLS'08, sen prexuízo da mención como suposto indemnizable da ocupación de terreos no art. 35.e, no regula a figura da ocupación directa, polo que a súa aprobación determinou a desaparición da figura como instrumento expropiatorio, segundo fora conceptualizada a ocupación directa polo Tribunal Constitucional na STC 61/1997.*

*En consecuencia, cabe predicar que a ocupación directa na súa orixe foi conceptualizada coma unha forma de obtención coactiva dos terreos precisos para o desenvolvemento urbanístico, se ben perdeu a nota da coactividade por mor da supresión da figura de natureza expropiatoria na lexislación estatal que lle outorgaba cobertura constitucional, transformándose nun instrumento de xestión ao arbitrio das previsións contidas na normativa urbanística autonómica.*

*A.8.- A LOUGA contempla para o ámbito da Comunidade autónoma de Galicia a figura da ocupación directa, como instrumento de xestión urbanística, no seu art. 169, do seguinte teor literal:*

*"1. Se entiende por ocupación directa la obtención de terrenos destinados a sistemas generales y dotaciones públicas locales mediante el reconocimiento a su titular del derecho al aprovechamiento en el polígono al que se vincule.*

*2. La ocupación directa requiere que esté aprobada la ordenación pormenorizada, tanto de los terrenos a ocupar, con determinación del aprovechamiento que corresponda a sus propietarios, como del polígono en que hayan de integrarse."*

*B.- Procedemento para a ocupación directa*

*B.1.- O procedemento para a ocupación directa ven recollido no art. 170 da LOUGA, que indica que o procedemento se substanciará consonte as seguintes regras, axustándose ás disposicións regulamentarias que se diten:*

- *a Administración urbanística publicará no BOP a relación de terreos e propietarios afectados, os aproveitamentos urbanísticos correspondentes a cada un deles e o polígono no que se farán efectivos os seus dereitos, con notificación simultánea da ocupación prevista e o resto de circunstancias relevantes aos propietarios e titulares de dereitos de contido económico sobre os terreos*
- *abrírase un período de información pública durante o prazo de 20 días, e solicitarase de forma simultánea certificación de dominio e cargas ao Rexistro da propiedade, así como a práctica dos asentos que procedan*

- *transcorridos 20 días dende a notificación ou a publicación, poderá levarse a cabo a ocupación, levantándose acta na que se farán constar, polo menos, o lugar e data de outorgamento, a identificación dos titulares dos terreos a ocupar ou dos dereitos sobre estes e a súa situación rexistral, a superficie a ocupar e o aproveitamento urbanístico que lle corresponda, así coma o polígono no que se fará efectivo o aproveitamento*
- *no caso de propietarios descoñecidos, non comparecentes, incapacitados sen persoa que os represente, ou cando se trate de propiedades litixiosas, entenderanse as actuacións co Ministerio Fiscal*
- *o concello expedirá a favor de cada un dos propietarios dos terreos ocupados certificación da acta de ocupación, remitindo unha copia da certificación, acompañada do correspondente plano, ao Rexistro da propiedade para inscribir a superficie ocupada a favor do concello, nos termos que resulten da lexislación estatal aplicable*
- *transcorridos catro anos sen que se teña procedido á execución do planeamento no polígono onde os propietarios tivesen sido integrados, estes terán dereito a esixir da Administración que se inicie o expediente expropiatorio dos seus terreos, nos termos e co procedemento indicado no art. 99 da LOUGA para as expropiacións por Ministerio da Lei*

*O art. 169.2 prevé que os propietarios e titulares de dereitos de contido patrimonial afectados polas ocupacións directas terán dereito a ser indemnizados, nos termos establecidos na lexislación estatal sobre expropiación forzosa que resulte aplicable, polo período que medie dende a ocupación até a aprobación definitiva do instrumento de equidistribución; en termos análogos, o art. 35.e do TRLS 2008.*

*A indemnización a que se fai referencia non é outra que a contemplada no derogado art. 204 do TRLS'92 pola ocupación temporal dos terreos; a LEF prevé no seu art. 115 -en relación co art. 112- que a valoración da ocupación temporal se limitará á apreciación dos rendementos que o propietario tivese deixado de percibir polas rendas vencidas durante a ocupación, agregando os prexuízos causados na finca ou os gastos que supoña restituíla ao seu primitivo estado, que en ningún caso deberá alcanzar o valor da finca.*

*No presente expediente, foi alegada polos interesados a inexistencia de arrendamentos sobre os terreos a ocupar, polo que non cabe indemnización en tal concepto; indemnización que, en todo caso, quedaría diferida a un momento posterior.*

*Así mesmo, a ocupación directa ten carácter definitivo, polo que non procede indemnización algunha polos prexuízos causados na finca ou o custe da súa reposición ao seu estado anterior, conceptos indemnizatorios previstos para a ocupación temporal que carecen de aplicabilidade á ocupación directa obxecto do presente expediente.*

*B.2.- Pola súa banda, o RLHU regula o procedemento para a inscrición no Rexistro da propiedade das fincas e dos aproveitamentos no caso de ocupación directa, indicando que será título inscribible a certificación na que consten as seguintes circunstancias (art. 42.1):*

«

- Lugar y fecha en que se levanta la ocupación.*
- Determinación de la Administración actuante y transcripción del acuerdo de ocupación.*
- Datos de identificación de los titulares de derechos sobre las fincas ocupadas.*
- Circunstancias de las notificaciones realizadas a dichos titulares y especificación de que ha transcurrido el plazo establecido por la Ley para formular alegaciones.*

- e. *Descripción de las fincas o partes de fincas objeto de ocupación junto con plano de las mismas, sus datos registrales, la superficie ocupada, las unidades de aprovechamiento que le correspondan y la unidad de ejecución donde han de hacerse efectivos estos aprovechamientos.»*

*A certificación deberá expresar, así mesmo, o uso para o que foi ocupada de forma directa a parcela, a fin de que sexa inscrita a parcela a favor da Administración actuante coa súa afectación ao mesmo, consonte o disposto no art. 43.3 do RLHU, así como os dereitos que graven a parcela ocupada que, por razón da súa natureza, non poden ser estendidos sobre o aproveitamento urbanístico que se inscribirá en folio independente aberto a tal efecto.*

*As parcelas a ocupar atópanse libres de cargas, polo que non existen cargas que deban gravar o aproveitamento urbanístico que se desagrega do terreo ocupado sobre as que se deba pronunciar a Administración ocupante. A denominada “parcela B”, porque así consta na certificación de dominio e cargas de 20.05.2013, e tocante á “parcela C”, porque a mesma non consta inscrita no Rexistro da propiedade, de forma carece de dereitos reais limitativos da propiedade constituídos en favor de terceiros; así mesmo, as parcelas atópanse libres de arrendatarios, segundo consta no expediente.*

*B.3.- O aproveitamento urbanístico que se desagrega do solo a ocupar materializárase no propio ámbito no que se sitúan os terreos, isto é, na «AOD A-4-73 PAZOS»; en consecuencia, non se produce unha transferencia de aproveitamentos urbanísticos dun polígono excedentario, senón que se recoñece á propiedade o mesmo aproveitamento susceptible de apropiación que corresponde á superficie ocupada.*

*Os propietarios contribuirán nos beneficios e cargas do desenvolvemento do ámbito en proporción ao seu aproveitamento, nos termos dos arts. 20, 131 e 132 da LOUGA, en relación co art. 9 do TRLS'08.*

*B.4.- Tocante á indemnización que puidera corresponder á propiedade pola desaparición das edificacións existentes nas parcelas, incompatibles coas obras de ampliación do viario a executar nas parcelas, segundo o indicado no punto 8 do informe da arquitecta municipal de 25.03.2013, “[...] deberá ser analizada e costeada pola Xunta de Compensación como un custe de urbanización, recollendo dita indemnización no Proxecto de Compensación correspondente [...]”.*

*As obras de demolición das vivendas, así como as de acondicionamento a viario público que motivan a ocupación directa, tal e como indica o art. 116 da LOUGA, en canto resulten útiles para a execución da ordenación detallada do ámbito, poderán así mesmo ser consideradas como obras de urbanización con cargo ao proxecto de equidistribución.*

*C.- Cumprimento de trámites*

*C.1.- O presente procedemento foi instruído contemplando as regras contempladas no art. 170.1.a e 170.1.b da LOUGA.*

*A resolución de apertura do período de información pública, xunto con copia do informe técnico elaborado pola arquitecta municipal o 25.03.2013, notificouse en forma persoal á propiedade da parcela por oficio do Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo de 09.05.2013 (n.º saída 6597-2013, recibido o 14.05.2013), e notificouse da mesma forma á Xunta de Compensación do PERI PAZOS (n.º saída 6606-2013 e 6607-2013, recibidos ambos o 14.05.2013); así mesmo, solicitouse do Rexistro da propiedade certificación de dominio e cargas da parcela.*

En cumprimento do ordenado na citada Resolución, publicouse no BOP de Pontevedra n.º 102, de 29.05.2013, o anuncio da apertura do período de información pública por 20 días, así como o Anexo transcrito no apartado 2 dos Antecedentes do presente informe, que contén os datos indicados no art. 170.1.a da LOUGA.

C.2.- Tendo transcorrido con amplitude o prazo de 20 días dende a notificación e da publicación indicada no apartado anterior, procede, de conformidade co disposto no art. 170.1.c da LOUGA, en relación co disposto no art. 42.1.b do RLHU in fine, que polo órgano competente se dite acordo polo que se aprobe a ocupación directa.

Do acto de ocupación levantarase acta, co contido mínimo indicado no art. 170.1.c da LOUGA:

- lugar e data de outorgamento
- identificación dos titulares dos terreos a ocupar ou de dereitos sobre estes, e a súa situación rexistral
- superficie a ocupar e aproveitamento urbanístico que lle corresponda
- polígono onde se fará efectivo este aproveitamento

C.3.- Da acta de ocupación emitirase certificación polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, na que se farán constar os datos e circunstancias indicados no art. 42.1 do RLHU, transcritos na Consideración B.2. do presente informe.

Unha copia da certificación entregarase á propiedade da parcela ocupada, e outra, acompañada do correspondente plano, remitirase ao Rexistro da propiedade para que practique as inscricións a que haxa lugar.

### 3.- COMPETENCIA

É competente para o ditado da resolución que a seguir se proporá a Xunta de Goberno Local, consonte o disposto no art. 127.1.d da LBRL, a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, por prescrición dos vixentes Estatutos da XMU (arts. 10.1.d e 10.1.j).

### III.- PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, proponse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte ACORDO

**PRIMEIRO:** Aprobar a ocupación directa, con destino a viario público, da totalidade das parcelas sitas no número 3 da rúa López Mora, denominadas no presente procedemento como "parcela B", de 55,70 m<sup>2</sup>, e "parcela C", de 20,00 m<sup>2</sup>.

